

49.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 21 DE NOVIEMBRE DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 47 e 48 DE DATAS 7 e 14 DE NOVIEMBRE DE 2016.

Apróbanse as actas núms. 47/2016 E 48/2016 das sesións celebradas polas Xunta de Goberno Local os días 7 e 14 de novembro de 2016.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

3.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a reconstrución dun muíño de auga en Prado-Lalín.

4.- INFORMES PREVIOS.

4.1.- Acordouse aprobar o informe técnico para concesión dunha caudal de auga, procedente dun pozo, no lugar de Alperiz (“Zarradelo)–Parada-Lalín.

4.2.- Acordouse aprobar o informe técnico para actuacións de demolición de dúas edificacións para permitir unha zona ampla no contorno da igrexa de Muimenta, creando unha praza, integrando o cruceiro coa igrexa en Muimenta – Lalín.

5.- EXPEDIENTES DE PRAZAS NO PARKING ALDEA GRANDE.

5.1.- Acordouse aprobar a proposta de abonos mensuais para praza de aparcamento, en cumprimento do establecido na Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande.

6.- BASES PERIODISMO GASTRONÓMICO “ÁLVARO CUNQUEIRO”.

6.1.- Acordouse aprobar as *Bases do XXIIIº Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”*.

7.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

7.1.- Acordouse aproba a certificación de obra núm. 1 da obra “SANEAMENTO E REFORZO DO FIRME DA RONDA NORTE-ESTE (LALÍN)”.

8.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse deixar sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 3 de outubro de 2016 (apartado 5.3 da acta da sesión).

8.2.- Acordouse aprobar o PADRÓN DAS TAXAS POR ABASTECIMENTO DE AUGA E DE SUMIDOIROS (3º TRIMESTRE DE 2016).

8.3.- Acordouse aprobar a proposta para traspasar o importe de 1.306,25 €, correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva.

8.4.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto con destino ao Deseño, impresión e publicación dos recursos turísticos e diverso material para a promoción turística do Concello de Lalín dentro do Proxecto de Promoción Turística “*Lalín, un interior único*”.

8.5.- Acordouse autorizar un gasto con destino ao Deseño, realización, grabación e produción dun vídeo promocional “*Vive Lalín*” dentro do Proxecto de Promoción Turística “*Lalín, un interior único*”.

8.6.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto con destino ao Encontro de Blogueiros “*Coñece Lalín 2.0*” dentro do Proxecto de Promoción Turística “*Lalín, un interior único*”.

8.7.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto para ”**Reparacións no Auditorio Municipal**”, no Concello de Lalín.

8.8.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto para ”**Colocación de protección entre desnivel de plataformas rúa dos Lirios- Villaflores**”, no Concello de Lalín.

8.9.- Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 17/2016, con carácter provisional ata o 21/11/2017.

8.10.- Acordouse aprobar a Certificación de obra Nº 1 das obras de “CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE VILANOVA, MACEIRA, GOIÁS, VILATUXE E ZOBRA” Plan de Concellos 2016-Liña 1 e a factura núm. 249 de data 31/10/2016

8.11.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto para a realización da obra denominada “*Actuacións de humanización na parroquia de Soutolongo-Lalín*”.

8.12.- Acordouse aprobar a conta xustificativa presentada polos catorce (14) beneficiarios da concesión de bolsas complementarias ao estudo para alumnos/as de centros docentes públicos e privados para o curso 2016-2017.

8.13.- Acordouse nomear ao Arquitecto Técnico Municipal Director de Execución material para a obra “Remate do aparcamento e integración paisaxística co entorno do Pazo de Liñares” no Concello de Lalín.

8.14.- Acordouse aprobar a concesión de premios do XIIIº Concurso de cartas “*Dillo a quen maltrata*”.

8.15.- Acordouse aprobar a concesión de premios Vº Concurso de Tuits contra a violencia de xénero.

8.16.- Acordouse aprobar a concesión de premios XIIIº Concurso de cartas “*Dillo a quen maltrata*”.

8.17.- Acordouse aprobar o programa “*Actividade de deporte inclusivo dentro do servizo de educación e apoio ás familias*”.

8.18.- Acordouse aprobar o programa da Campaña Nengún Neno e Nena sen Xoguete 2016.

8.19.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade.

8.20.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto con destino á RECUPERACIÓN DA ÁREA DA PÉRGOLA DO PASEO PONTIÑAS DO CONCELLO DE LALÍN.

8.21.- Acordouse autorizar o uso do Local Social de Filgueira.

8.22.- Acordouse autorizar unha prórroga dun mes na obra Dotación de Areas Deportivas e de Ocio en Pozo do Boi-Vilatuxe e Anzo.

8.23.- Acordouse aprobar a conta xustificativa do Convenio para a celebración da **XXVIIIª FEIRA DO CABALO**, en concreto gastos derivados da organización da Feira do Cabalo.

9.- FACTURAS E CONTAS.

Apróbanse as relacións de facturas nº 00159 por importe de 94.016,29 €. e relación nº 00160 por importe de 47.190,00 €.

10.- CORRECCIÓN DE ERROS.

10.1.- Acordouse corrixir o erro detectado, recoñecemento da obriga polo concepto “*sinais multipanel aluminio 2000 x 1000 postes e instalacións*” .

10.2.- RECTIFICACIÓN DE ERROS – EXPTE. Nº 7166/13

Acordouse corrixir o erro detectado no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 21 de outubro de 2013.

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

11.1.- Dáse conta do escrito presentado para a entrega de equipamento operativo (1 remolque de emerxencias) destinado aos servizos de protección civil e emerxencias.

11.2.- Dáse conta do escrito presentado solicitando o acceso ao expediente 8478/16 de comunicación previa de obras.

11.3.- Dáse conta do escrito presentado no que solicita autorización municipal para consultar os censos de poboación que hai no arquivo do Concello de Lalín.

11.4.- Dáse conta do escrito presentado para consultar o “Libro de Amillaramento de Zobra” (1945-1946) que hai no arquivo do Concello de Lalín.

11.5.- Dáse conta do escrito presentado no que solicitan a designación dun representante do Concello de Lalín no citado centro como integrante do Consello Escolar.

11.6.- Dáse conta do escrito presentado no que solicitan a designación dun representante do Concello de Lalín no citado centro como integrante do Consello Escolar.
